# BILLARDA

C.E.I.P. de Monforte (Colexio Novo)




RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ:
LETRAS GALEGAS 2009

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

# DAMOS A BENVIDA



# EDITORIAL

A cooperación é a capacidade de traballar en equipo para lograr o ben común.

A realización humana é como unha cordilleira con precipicios, riscos, pendentes e vales. Alcanzar a perfección nun esforzo colectivo é como desexar conquistar a cima máis alta. O esforzo require que cada alpinista estea equipado con habilidades e coñecementos esenciais, moita determinación e forza de vontade. Con todo, non se debe emprender a ascensión sen o máis indispensable: a corda de seguridade da cooperación que asegura ecuanimidade, capacitación, facilidade e entusiasmo, provê os medios para que cada escalador dea un paso, por pequeno que sexa, e que todos eses pasos, unidos, permitan alcanzar o cume.

Un ano máis estamos aquí para presentar un traballo que require a colaboración de todo o persoal da comunidade educativa. Este é o momento de que cada persoa achege unha pequena dose de cooperación; se non é coa mente, entón co traballo físico; se non é co traballo físico, entón coa riqueza; se non é coa riqueza, entón apoiando ou motivando a outros a cooperar. Este é o resultado da cooperación que levamos a cabo para levantar esta montaña. Cada ano que pasa poderemos alcanzar novas e grandes cimas.

**...na competencia gaña un, o resto chámanse perdedores, ata, todos poden perder.**

**Na cooperación todos gañan, alguén nos dixo que diso se trata a vida?**

Quen coopera sente a satisfacción de compartir canto ten cos demais en lugar de gardalo para si. E ese xesto de entrega liga o seu destino ao de moitas outras persoas que tamén dedican o seu tempo, a súa intelixencia, o seu diñeiro ou a súa forza de vontade a apoiar e defender aos demais.

Este é o traballo que logramos conxuntamente. Grazas a todos e todas aquelas que fixeron posible esta edición da nova revista do colexio.

Equipo de Normalización Lingüística

# SUMARIO


Editorial ....4

A.N.P.A. ....5

Letras Galegas....6

Pequenos escritores....11

Do you speak english? ....31

Monforte ....33

Aconteceu ....37

Investigado ....50

Bos consellos ....64

Divertíndonos ....66

Homenaxe a .... 3, 75



***CEIP DE MONFORTE***
*Ronda Mª Emilia Casas Baamonde, s/n*
*27400 MONFORTE (Lugo)*
*Teléfono e Fax.: 982 400 442 / 609906524*
*e-mail: ceip.monforte@edu.xunta.es*
*Web: http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte*

# A.N.P.A A LAGOA

Dentro da comunidade educativa do Novo CEIP de Monforte de Lemos está a asociación de nais e pais, que ten a súa razón de ser en que nos importa non só a educación dos nosos fillos e fillas senón tamén o entorno do centro, como infraestrutura e como cultura.

Como infraestrutura tratamos de cooperar, na medida das nosas posibilidades coa dirección do colexio para mellorar as súas instalacións: todos desexamos o mellor para os nosos, por iso queremos facer o máis atractivo posible o centro, por dentro e por fóra.

Sirva este parágrafo para dar as grazas á dirección polo que de mellora se levou a cabo no presente curso, para animala en que siga pedindo melloras e tamén para comprometernos en axudala sempre que nolo solicitan e sexa posible.

Como entorno cultural foméntanse as actividades extraescolares, este curso están a ofertarse as seguintes: xadrez, ximnasia rítmica, futbito, batminton, patinaxe, voleibol, danza galega, pesca e teatro. Calquera alumno do colexio pode participar matriculándose nunha destas actividades ou en varias a un tempo, sen ser requisito imprescindible que os pais ou titores estean asociados. Pero si que hai diferenzas, pois os membros da asociación pagan menos cota. Búscase a participación de todos e todas, xa que como parte da comunidade educativa debemos arrimar o ombreiro polo ben do centro, sen dúbida todos nos sentimos orgullosos de que o colexio no que estudas os nosos fillos e fillas obtén algunha mención de honra. Por isto agradecemos a axuda de todos os que cooperaron e cooperan con nós.

Para concluír só queda reiterar a oferta que desde a directiva da A.N.P.A. á pública: calquera queixa ou suxestión coa que poidamos mellorar será tida en conta, valorada e farase chegar onda sexa mester. Sempre a vosa disposición.

# RAMÓN PIÑEIRO




A Real Academia Galega decidiu o 5 de xullo de 2008 dedicarlle o Día das letras galegas do ano 2009, decidiu-no pola dedicación, total e desinteresada, da súa vida na defensa de Galicia e da súa cultura que debe ser unha referencia moral indiscutible e necesaria cara ás novas xeracións.

Os seus traballos sobre pensamento e filosofía, dedicados maioritariamente á "saudade", así como as súas traducións supuxeron un "paso decisivo" para a normalización do galego como lingua con capacidade para expresarse en todos os campos do saber

Destaca entre outras cousas a súa **Influencia en xeracións de galeguistas impulsor da normalización,** membro numerario da Real Academia Galega e **Primeiro presidente do Consello da Cultura**,

Tamén é de destacar, como outra das súas facetas, o seu labor "socrática, exemplarizada nas conversacións na súa mesa padiola, na súa intensa e xenerosa correspondencia epistolar fora e dentro de Galicia, moi en concreto en relación coa mocidade" tanto nos "escuros" tempos de posguerra como posteriormente, con toda "persoa que tivese Galicia como referente das súas actividades ou ideais".

**BREVE BIOGRAFÍA**

Ramón Piñeiro López naceu no seo dunha familia labrega da parroquia de Armea, concello de Láncara (Lugo), en maio de 1915, xa antes de chegar, con seis anos, á escola, sabía ler, escribir e resolver algunhas operacións matemáticas. Se a escola non supuxo dificultades intelectuais para Ramón Piñeiro, adiantado con respecto aos seus compañeiros grazas á axuda familiar, si que lle causou un forte impacto ao facerlle percibir en toda a súa crueza a diglosia presente na sociedade.

Entre 1924 e 1928, Ramón Piñeiro cursou en Lugo o bacharelato elemental. Neses anos descubriu a literatura. Quedou impresionado ao decatarse de que o idioma de campesiños que a escola desprezaba era tan apto coma o castelán para as sutilezas da poesía.

A precaria situación económica da familia impediu inicialmente que Ramón Piñeiro puidese continuar os seus estudos, polo que este regresou a casa para dedicarse aos labores do campo máis tarde foi traballar a Sarria, en 1930. En 1931 asiste a un mitin de Lois Peña Novo que lle esperta o interese pola cultura e a política galegas.

En 1932, de novo en Lugo para estudar o bacharelato superior, axudándose da circunstancia de que unha súa irmá tiña traballo e casa naquela cidade, participou na fundación das mocidades do Partido Galeguista, onde pronto destacou a pesar da súa timidez sendo nomeado secretario de cultura. Alí coñeceu a Ramón Otero Pedrayo (1888 - 1976), a raíz dunha conferencia que organizan os alumnos do instituto, e, en 1933, a outros persoeiros do galeguismo político (Castelao, Bóveda e outros).

En 1934 participou nun mitin celebrado na praza da Quintana o 25 de xullo e, en 1936, chega a ser elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia. Tralo alzamento militar de xullo de 1936, veuse obrigado a loitar na guerra civil no bando nacional.

Rematada a guerra civil, comezou a estudar Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Dende 1943 participa na reorganización clandestina do Partido Galeguista no interior, membro do Comité Executivo como Secretario Político, detido en abril de 1946 permaneceu tres anos na cadea, a pesar de que foi condenado a seis. Ó saír do cárcere, establécese en Santiago, defendendo a loita cultural fronte á loita armada e política, Interveu activamente na auto disolución do Partido Galeguista e en 1950 foi o adaíl do grupo que fundou a Editorial Galaxia (da que foi o primeiro director literario), que en pleno franquismo comezou a publicar libros en galego e sobre asuntos relacionados con Galicia. Un par de anos máis tarde, Galaxia publica a Revista de Economía de Galicia, onde comeza a analizarse o desenvolvemento económico de Galicia. Piñeiro dirixiu a editorial e traballou nela ata 1966.

En 1966 trasladase a Estados Unidos, como profesor invitado da Universidade de Middlebury, en Vermont. O 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega, co discurso "A lingoaxe i as lingoas".

Ao longo da súa vida, Piñeiro nunca deixou de defender a postura do "galeguismo difuso" (isto era, "tinguir todos os partidos de galeguismo en vez de ter un único partido galeguista"),



un dos seus auténticos pais. En 1983 foi elixido primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeñou ata o seu pasamento, o 27 de agosto de 1990, a consecuencia dunha insuficiencia hepática. En 1985 recibe a Medalla Castelao

O 11 de febreiro de 1993 o Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, asina o decreto 25/1993 polo que se creaba o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, institución que por decreto 330/1997 pasou a denominarse, o 13 de novembro de 1997, como Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

**BIBLIOGRAFÍA**

A obra escrita por Ramón Piñeiro non é abundante, centrándose case na súa totalidade na filosofía da "saudade", *Significado metafísico da saudade, notas pra unha filosofía galaico-portuguesa* (Galaxia, Vigo s.a., 23 páxs.); e *Filosofía da saudade* (Galaxia, Vigo 1984, 121 páxs).

Libros

*Olladas no futuro*. Vigo, Galaxia, 1974.

*Lembrando a Castelao*. Santiago de Compostela, SEPT, 1975.

*Filosofía da saudade*. Vigo, Galaxia, 1984.

*Fermín Penzol*. Vigo, Galaxia, 2001.

*Da miña acordanza*. Memorias. Vigo, Galaxia, 2002.

*Galicia*. Vigo, Galaxia, 2002.

*A linguaxe e as linguas*. Vigo, Galaxia, 2008.

Escribiu tamén: prólogos como "Prólogo" a Pondal, E.: *Queixumes dos pinos*. A Coruña, La Voz de Galicia, 1979. Artigos como "Sobre o pensamento galego da xeneración Nós", *Avriense* 5, 1975, pp. 31-35.Discursos como "*A lingoaxe i as língoas*". Vigo, Galaxia, 1967 [edición facsimilar, Consello da Cultura Galega, 1994] A súa correspondencia publicouse en *Cartas para os amigos* (1992) e *Un epistolario de Ramón Piñeiro* (2000). Entrevistas como; Fdez del Riego: *Galicia Emigrante*, 11, 1955, pp. 16-17. E outros autores escribiron sobre El como: Alonso Girgado, L. e T. Monteagudo Cabaleiro.: *Cadernos Ramón Piñeiro II. Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2003. As súas memorias "Da miña acordanza" (2002), coa colaboración de Carlos Casares, que completou as páxinas iniciais escritas polo propio Ramón Piñeiro coas transcricións das conversas que mantiveron.

## OUTROS RECOÑECEMENTOS

En 1984 recibiu a *Creu de Sant Jordi* da Generalitat de Catalunya, pola tarefa desenvolvida na defensa e divulgación da lingua e da identidade de Galicia

En 1985 recibiu a Medalla Castelao

En 1990 recibiu o Premio Fernández Latorre de xornalismo, concedido por *La Voz de Galicia*, "*por su aportación como intelectual y pensador en el último medio siglo de nuestro país*". Piñeiro, xa moi enfermo, non puido acudir ao acto de recollida do premio.

Tamén en 1990, a Universidade de Santiago de Compostela concedeulle a Insignia de Ouro.

## RECORDANDO AS SÚAS VERBAS

*"Deica entón -deica os 6 anos- a miña lingua única fora o galego, así que o choque máis importante que me produciu a escola foi o cambio de lingua. O escolante, que era de Lugo, falaba en castelán dentro e fóra da escola e falábao con todo o mundo, mesmo que fosen nenos ou vellos, homes ou mulleres, labregos ou cregos. Non facía a menor concesión. Falaba en castelán coa intransixente firmeza de quen cumpre un alto e sagrado deber. [...] a utilización ríxida dunha lingua distinta da nosa, dunha lingua que 'excluía' a nosa, dáballe unha autoridade extraña, unha autoridade que [...] en lugar de establecer a 'superioridade persoal' do mestre trataba de establecer a nosa 'inferioridade colectiva'. E non só a nosa inferioridade en canto escolares senón a inferioridade nosa en canto galego falantes.* — (Ramón Piñeiro: *Da miña acordanza)".*

*"Nós, os galegos -e xustamente como galegos-, somos unha desas unidades naturales en que a Humanidade se realiza. Somos unha das formas de expresión do pulo creador da vida humá. Porque somos un pobo dotado dunha língoa e, polo mesmo, dunha cultura, somos unha realidade orixinal dentro do patrimonio humán. A nosa misión consiste en facer que esa realidade orixinal acade a súa plenitude. Somos os responsables de que prospere ou fracase unha creación que a vida humá expresa a través de nós. Si por un momento nos mergullamos no mundo mental dos nosos campesiños, poderemos considerar metafóricamente á realidade humá como unha gran agra composta de moitas leiras diversas, cada unha delas cos seus propios froitos. Nós somos unha desas leiras. O noso destino -a nosa responsabilidade- é cultivala e ofrecerlle os seus froitos orixinás ó patrimonio cultural humán.* — (Ramón Piñeiro: *A lingoaxe i as língoas).*

# Letras Galegas no noso C.E.I.P

O 17 de maio de cada ano celébrase en Galicia o Día dás Letras Galegas, xornada de celebración do idioma galego a través da súa manifestación literaria
O labor de sensibilización achega do valor do patrimonio cultural galego que se pretende levar a cabo co Día dás Letras Galegas non sería viable sen a imprescindible c participación dos centros de ensino. Cada ano, os centros escolares de Galicia organizan actividades relacionadas con ese día a través das cales pícaros e mozo levan a cabo unha aproximación lúdica e formativa á lingua galega e aos personaxes destacados da súa cultura. Aínda que o 17 de maio é un día festivo en Galicia e, xa que logo non lectivo, as actividades preparatorias adoitan sustanciarse nos días previos, especialmente na denominada Semana dás Letras Galegas.


TEATRO


XOGOS


CONTACONTOS


E MÁIS XOGOS



CORRELÍNGÜA

....UN HA MOREA DE ACTIVIDADES QUE FIXEMOS AO LONGO DA SEMANA: CONTOS, MARCAPÁXINAS , MANUALIDADES, PASATEMPOS, UNS CORTOS QUE GRABAMOS, PRESENTACION DA VIDA E OBRA DO AUTOR HOMENAXEADO...

# Letras Galegas no noso C.E.I.P


17 de maio

Gústame aprender cousas novas.
Gústame ler con papá.
Gústame dar apertas.
Gústame pasear pola cidade.
Gústame xogar cos compañeiros/as.
Gustame brincar cos amigos.
Gústame rir e pasalo ben.
Gústame saír ao campo.
Gústame o fútbol.
Gústame ir de excursión.
Gústame oír falar dos animais.
Gústame montar en bici.
Gústame coidar as plontas.

1º A


Letras Galegas 2009

Caricatura

Ramón Piñeiro naceu preto de eiquí (Láncara).
Preocupouse moito pola Nosa lingua e os costumes

Isa 1º A

Foi a festa das letras, das palabras, das frases e das emocións empapadas en galego, foi unha esmorga que non acaba, unha festa que continua na casa, na escola, no barrio?, Entre nós, sempre en Galego? En Galiza, sempre en Galego.
Mar Alonso

**Ramón Piñeiro**



Foi un escritor da lingua galega que naceu en Láncara en 1915 e morreu en 1990 en Santiago de Compostela.Foi un activo promotor da cultura galega e fundou a revista “Mocidade Galeguista” en 1932 e a editorial Galaxia, en 1950.Tamén dirixiu a revista “Grial”, moi prestixiosa entre as universidades estranxeiras.

As súas obras non son moi abundantes,aínda que tamén escribiu ensaios sobre a saúde.

Ramón Piñeiro formou parte do primeiro Parlamento autonómico como deputado polo PS de G.
PSOE.

En 1983 foi elixido primeiro presidente do Consello de Cultura Galega, cargo que desempeñaba ao finar o 27 de agosto de 1990.

Samuel e Uxía, 6º A


A NENA E O PORQUIÑO
Quero un porquiño
Non teño dono OIN
Por fin! OING!
Para min
Un porquiño!
Papá, atopei un porquiño!
Un fogar, unha casa!
Resultou que era porca
Xa nacen!
Un, dous, tres...
Ana B.L 3ºA


A FESTA
A que hora virán?
OLA
GRAZAS
FELICIDADES
BEN!
VIVA
ADEUS
ATA LOGO
SARA MOYA 3ºA




Había una vez un neno, que era moi burro, moi burro, moi burro, e ninguén o quería. Tiña una familia moi rica, pero aínda si tampouco o querían.

Un día apareceu una caixa diante da porta, Manuel miraba o paquete, e mentres preguntábase de que sería. Pasaron horas e horas, esperando a que chegaran os seus país do balneario para abrir o paquete, pero mirando, encontrou una tarxeta que poñía, "Para Manuel, da avoa Carme".

Manuel púxose moi ledo, e abriu o paquete, e non vos imaxinades o que era, "una pócema".

Manuel bebeuna, e empezou a dicir as táboas de multiplicar. Entón deuse de conta para que servía a pócema, e dende aquela, todos os nenos e nenas querían tomala.

Preguntádesvos que lle pasou a Manuel…, fíxose o neno Máis listo da escola.

Ana Bouza López
3º A

Fin

# A ovella desorientada

Había una vez una ovella que non sabía nada, chamábana a ovella desorientada. Cando as outras ovellas a vían, corrían lonxe dela e a pobriña non tiña amigas. Estaba moi triste.

Un día un grupo de catro ovellas ían camiñando e ao vela escapaban e a pobre da ovella nunca tiña amigas.

Era a ovella máis triste de toda a vila.

Pero un día que ían todas de compras ela viunas vir e para non asustalas escondeuse detrás dunha árbore pera elas déronse conta e comprenderon que o que lle fixeran estaba moi mal e reunidas acordaron que xamais lle volverían a facer desprezos a ovella desorientada.

Falaron con ela e todas xuntas foron felices para sempre.

Antia D.3º A



## PRINCESA PRISIONEIRA

Había unha vez,unha princesiña que vivía nun pequeno castelo.Era todo de ouro; incluso as camas,as mesas...
Chamábase Estela e tiña 12 anos.
Ía a un colexio para princesas e príncipes. Alí, para as princesas había clases de feitizos, pocións... e para príncipes duelos de espadas...
Un día,de camiño ao colexio, encontrouse cunha bruxa disfrazada de anciá e díxolle:
- A onde vas?
- Ao colexio.
- Eu sei un camiño máis curto.
- Por onde é?
- Ségueme.



Chegaron a un castelo cheo de teas de araña.
A bruxa deixouse descubrir e encerrouna na torre do castelo.
Un día máis tarde,Xoán,o neno máis guapo do colexio,estrañouse e mandou que a
buscaran por toda a cidade Xoán encontrouna na torre pedindo axuda.
A bruxa moi atrevida dille:





-Queres loitar con espadas?
-Por suposto!!!!!!
A loita durou horas e horas ata que Xoán gañou.Subiu ata a torre e levou a Estela.
-Grazas por liberarme!!
-Non hai de que.
Grazas a Xoán,Estela volveu a casa viva e ao final, os dous casaron.
E colorín colorado,
este conto está rematado.




## UNHA LENDA.

Cando eu tiña 6 anos meu avó contábame unha lenda e dicía así:
Nunha vila había un home chamado Xoán, era orfo e moi avaricioso, ata que un día díxolle un señor:
-Como segas sendo así, vas quedar sen nada e vas ter que durmir na rúa.
E así foi, perdeuno todo por apostar no casino e por comprar todo o que tiñan os demais. Tivo que petar porta por porta en cada casa pero como se portara tan mal coa xente ninguén o deixou entrar. El aprendeu a non ser avaricioso e a portarse ben coa xente. Pouco a pouco tivo un traballo, comprou unha casa ... e aprendeu que " ti es ti, eres único e non necesitas ter o dos demais". FIN. ( Yedra. 6º A)



## Un aniversario feliz



Había una vez un ogro gordo, malo e campión e una bruxa fraca, mala, pequena e rápida que vivía nun prado verde con flores e árbores.

Un día recibiu una carta do ogro Nalo invitándoa ao seu aniversario.

A bruxa pensou e pensou ata que se lle ocorreu unha idea:

Levarlle a´súa bola de cristal. Despois chamouna polo seu teléfono.

O fin foi ao seu aniversario

OLALLA 3ºA



**O REI DO CASTELO** Aarón 3º A

Había una vez un rei que vivía nun Castelo pero estaba farto de que un guerreiro lle atacara o seu Castelo. O rei decidiu loitar con el incluso ata a norte coma xa fixera o seu pai.

Pasou toda a súa longa vida loitando e chegou a vello sen deixar en toda a súa vida de loitar.

Finalmente o guerreiro e o rei decidiron que non podían continuar así e acordaron facerse amigos para sempre.

## O CANGREXO LISTO





Había una vez un cangrexo moi listo porque sempre era o primeiro en ir a auga. El sempre chegaba antes que os demais e por iso pensaban todos que era o cangrexo máis listo do mar.

Despois de catro anos, os cangrexos volvían andando un día e todos andaban para atrás, pero algún que estaban agachados debaixo das pedras viron como o cangrexo listo andaba para adiante como os humanos

Cando todos o souberon no mar decidiron que o cangrexo listo non era listo senón o cangrexo máis tonto do mar enteiro e dende aquel día non volveu a facer trampa e empezou a andar para atrás coma todos.

E colorín colorado, este conto está rematado.

Alberto Fouces Cota 3º A

# POESÍAS DA PRIMAVERA



Primavera, primavera
trae una bolboreta
porque xa ven a primavera
e trae felicidade
como fai o NADAL

Sara L.V. 3ºA

Primavera, primavera
na primavera os paxaros cantan
primavera, primavera.
Eu digo:
primavera, primavera
eu cheguei de primeira,
coa miña regadeira.

Sara Moya Rodriguez 3ºA

## OS DOUS MONOS



Victor 3º A

Gouco e Rouco vivían nunha árbore que non tiña follas.

Non tiñan nada que comer e por iso tiñan que mercar comida todos os días.

Un día Rouco mercou una sémola máxica e á árbore saíronlle as follas pero non daba froitos cos que alimentarse

Tiñan que seguir mercando a comida pero estaban a quedar sen cartos e gastaban tamén os seus aforros.

Gouco ía paseando cando atopou una moeda coa que puido mercar a cea, pero xa non lles quedaba máis. Pero ao día seguinte a árbore comezou a dar froitos e nunca máis deixou de dalos.

## O GATO NEGRO

Había unha vez un gato ao que ninguén quería, cando a xente o vía queixábase e mandábao marchar.

Ao día seguinte, chegou un mago á cidade. todos estaban impresionados, foron ao espectáculo.

Cando o mago saíu foi ao parque e viu algo que se movían entre os arboriños.

Acercouse e viu ao gato negro, estaba abandonado, colleuno e preguntoulle:-Que che pasa?

O gato respondeulle:

-Ninguén me quere, aínda que... se ti queres ser o meu amigo, xa tería alguén que me quixese.

E o mago respondeulle:

- Claro que si. Sereino.

- E agora que somos amigos, poderías facerme un feitizo para que todo o mundo me queira?.

- Pois claro que si. ABRA CADABRA CONVÍRTETE NUN GATO FAMOSO!

Pero o gato arrepentiuse de usar o feitizo no seu proveito e díxolle ao mago:

- Prefiro ser só o teu amigo e que me queiras a ter un millón de fans por maxia.

Sara Moya 3º A

# A GRAN LOITA

Érase unha vez "un rei" chamado Pimpirimpón o mandón. Era un rei moi egoísta, pois quería ter todas as terras e a maior suma de diñeiro. Un día, quixo conquistar MONFORTE DE LEMOS. Cando as tropas do "rei" chegaron á muralla de SAN VICENTE, os arqueiros foron avisar ao CONDE DE LEMOS. O conde dixo aos guerreiros que atacaran. Fixeron unha guerra de días semanas!!!

O Conde tiña escondidos cen soldados, todos con cabalos. Cando o exército de Pimpirimpón estaba case rendido, o Conde fixo un sinal para que os soldados escondidos saíran a atacar. Nada máis que saíra o primer soldado o rei comezou a gritar:

–Retirada, rendímonos, retirada!!!–

Ao acabar a guerra o Conde felicitou ao seu exército polos esforzos e prometeu a Monforte que sempre terían protección. Pola noite celebrouse a FESTA MAIOR dirixida aos guerreiros/as. Estes chamábanse así: Carlos, Adrián Iago Cesar, Garci, Julio, Andrés, Víctor, Santi, Walfly, Alexia, Fernanda, Sabela, Cristina, Uxía e Andrea.

Dende entón o rei Pimpirimpón non volveu a molestar, a robar terras nin a ser egoísta con ningún pobo, vila ou cidade e menos aínda con...... Con quen vai ser ou?

POIS CON MONFORTE!!!!

Mª Fernanda Aguilera Mannucci. 4ºA

# SON MAIS POPULAR CA TI

Érase unha vez unha nena que era moi popular, chamábase Sara .Un día chegou ao colexio unha nena nova que no seu primeiro día xa era a máis popular que Sara,así que ela púxose furiosa porque Paula, a nena nova, quitoulle o seu posto .O seguinte día Sara díxolle a Paula - - Ola, son Sara a que antes era a máis popular ata que chegaches ti. -Ola ,eu son Paula.
-Xa o sei. É o teu segundo día de popular e xa ves toda chulita.
-Que che fixen Sara? Non queres ser a miña amiga?
-Non !
-Vale ,entón se non es a miña amiga, xa non te vou falar máis.
- JA JA JA non aguantas nin unha semana.
–Vale, quen aguante sen falar unha semana dalle un corte de pelo a outra.
–Vale, agora ningunha das dúas pode falar senón perde.
Na seguinte clase a profesora pregúntalle a Paula:
-Que son os seres vivos?, Paula.
Paula non dixo nin "mu".
-Paula se non o sabes dimo que cho explico - di a profesora.
Paula escribe que son os seres vivos na caderno e dállo a profesora -Porque non falas ,Paula?
-Esta afónica –di a súa mellor amiga, Uxía.
Sen que lle vexa a profesora Paula escríbelle a Uxía" grazas, salváchesme con esa mentira".
Pasaron tres días e Sara tampouco dixo nin mu ata que Lola a súa mellor amiga pregúntalle:- mañá queres vir a miña casa, Sara? -
-Sí, - di Sara.
–Falaches, Sara ¿ a que hora quedamos para cortarche o cabelo?
-Ti tamén falaches –di Sara.
---Entón as 17:30 – din as dúas a vez.
-Na miña casa –di Paula.
Ao final as dúas cortáronse moi ben o cabelo e foron as mellores amigas do colexio. (Yessica,6º A)

# UN CASTELO ENCANTADO




Había unha vez, nun castelo unha
meiga que enfeitizaba a todo aquel
que non lle fixese caso.
Un día unha granxeira
chamada Fernanda
viu un cartel cravado
nunha árbore que
decía:

Envioullo ao seu [illegible]
Víctor que moi decidido
foi polo camiño máis
curto ata o castelo.
Cando chegou pasou
pola ponte levadiza, subiu ao trono do señor rei díxolle:
—Rei Adrián preséntome para loitar coa meiga Florianfarda.
—Todos os meus soldados loitaron contra a meiga e morreron.
—Pero eu loitarei e conseguireino.
O guerreiro Víctor foi á torre pequena onde vivía a meiga.
O guerreiro colleu unha pedra grande, tirou a porta. De
súpeto apareceu unha sombra que se convertiu na meiga, e
dixo:

– Outro guerreiro que quere loita.
A meiga fixo un feitizo para petrificar o guerreiro. Víctor puxo o escudo e o feitizo rebotou. A meiga quedou petrificada e o rei deulle a recompensa ao guerreiro: cen moedas de ouro. Víctor dixo:
– A miña familia e eu dámoslle as grazas rei Adrián.

CARLOS DIEGUEZ 4ºA




POESÍA
Peixiño pequeno,
ollos de cristal,
escamiñas de ouro
e aletas de sal;
pensas que as ondiñas
son mil tobogáns.
¡Salta, corre e nada
que te vou pillar!
Salta, corre e nada!
¡Tirulirulirula!
Eva e Aníbal

# UNHA ESTRELIÑA MOI DIVERTIDA

No fermoso mar Mediterráneo, naceu un día moi soleado e tranquilo unha estrela de mar única, fermosa e pequena. A súa nai, sabía que ela ía ser diferente ás demais.
Dous días máis tarde, os seus pais chamáronlle Luiña.
A pequena e aventureira estrela, foi aprendendo no CEIP Cunchiñas, escola principal do mar, todo o necesario para ser unha estrela moi estudada. Luiña quería se pediatra, profesora, pianista, coidadora de estreliñas...e en fin, tiña moitísimas cousas pensadas. O que nunca pensara, entroulle na cabeza, era ser poeta e escritora.
As amigas de Luiña dicíanlle que era mellor que fose modelo ou avogada, uo quizais bombeira; mais ela non queria nada diso.
Luiña foi medrando e medrando ata chegar a adulta e aínda non sabía que ser.
Un día preguntoulle aos seus pais que opinaban sobre isto e eles dixéronlle:
- Filla! Nós pensamos que sería mellor que foses profesora. Como ben sabes só hai o CEIP Conchiña e o CEIP Caracoiñas e case non teñen profes para os moitos nenos e nenas que teñen.E a Luiña decantouse por ser profesora.

Leidy Juliana Aldana Rodríguez 5º A

# SARA E O REGALIZ

Estefanía 6ºA

Había unha vez unha nena chamada Sara que un día foi mercar regalices. Cando ia para súa casa colleu unha delas e cando a
acercou a súa boca,ela gritou -¡ non me comas! podemos ser amigas.-Esta ben -contestalle Sara,-como te chamas-preguntoulle a regaliz, eu Olga e ti ?
-Sara- contestoulle a nena.
-Ímonos para a cama xa e tarde,-de acordo -contestoulle Olga.
Ao día seguinte ao levantarse Sara espertou a Olga e a meteu na mochila. Cando ían de camiño ao colexio Sara contoulle a súas amigas o que lle oco-rrera paso por paso mentres tanto Olga caeu da mochila e colleuna un neno que viña detrás.
Cando tocou o timbre todos foron para clase.Cando Sara ia a coller o libro de matemáticas viu que Olga non estaba,entón empezo a buscala por toda a clase.E de repente oíu -Sara estou aquí -dixolle Olga murmurando, -espera a que toque o timbre- respondeulle Sara.
Despois de que acabara a clase,Sara colleu a Olga despistada mente da mochila do neno que a collera .
E así viviron moitas aventuras xuntas terroríficas e divertidas...

**MAIO LONGO 6º**
**CEIP DE MONFORTE**

Maio longo, maio longo
Que ben vai quedar Monforte
Tantas obras, tanto arranxo
Que provocan tantos cortes.

Maio longo, maio longo
Viva a nosa artesanía
Con xerros, escorrecubas
Barreños, toda unha vida.

Maio longo, maio longo
Fuches longo para o goberno
Querían prohibir o viño
E mandar a moitos ó inferno.

Maio longo, maio longo
Canto temos que pensar
En que lingua falaremos
Como nos van educar.

Maio longo, maio longo,
Curto serás para nós
Que nos imos de excursión
Pensaremos moito en vós.

Maio longo, maio longo
Defenderemos o noso
O viño da Ribeira Sacra
A paisaxe e a olería.

Maio longo, maio longo
Canto te imos lembrar
Que pasara en Galicia
Quen o pode adiviñar

"COPLAS DO DÍA DOS

MAIOS"

**VALENTINA**

Chegou unha bolboreta
voando dende Arxentina
posouse no noso cole,
é a nosa Valentina.
Gústalle ler libros
inventa moitas poesías,
experta en manualidades
ela é toda unha artista.
O seu lugar favorito:
a biblioteca
a súa frase preferida:
"hoxe teño unha sorpresa"
A misión da bolboreta:
sempre voar e voar
a nosa Valentina
para Barcelona se vai.
Que faremos nos agora
sen esa alumna xenial?
No seu pupitre haberá
unha planta marabillosa
por si un día soleado
a bolboreta re-
torna.
5-B

**A PAZ**

Eu pido ao mundo, a paz
para recordarlles, ledicia
para darlle vida.
Eu pido ao mundo, a paz
para alegrarlle o día
dámoslles paz.
Eu quero amor
dime ti, que queres, rapaz?
Eu quero paz
e non pido máis
que ledicia e bondade
eu pido verdade
amor e claridade.

LUCÍA FIGUEIRAS 5ºB

# O GALO E O ZORRO





Había unha vez un galo e un zorro. Un día o galo estaba buscando comida, ven o zorro , colleuno na boca e cando ía colgado dicíalle ao zorro: Xea,xea...

E ao pobre zorro tanto o aburriu que decidiu soltalo. O galo tivo a sorte de que o deixara ao lado dunha árbore, pegou un brinco e subiu ao mesmo.

Entón o galo burlábase e o zorro dicía:

-Trompalantron, ven pola roupa.

Non que Deus darame outra.

Domingo 5ºA

## A CHAVE PERDIDA

Narrador:Un día a chave para entrar nos contos perdeuse.
Miguel:Temos que idear un plan ,dividirémonos en dous grupos para encontrar a chave ,o grupo "A" vira comigo e o grupo "B" con Luís.
Luís:Ben ,nós iremos polas clases.
Miguel:E nós polos corredores.
Narrador:Ían ir pero... De súpeto.
Campillos:Ei , que non contabades cos meus amigos e comigo.
Miguel:Entón vos iredes polo patio do recreo.
Campillos:De acordo.
Narrador:Foron buscar a chave pero non atoparon nada,entón volvéronse a reunir.
Miguel:Só nós queda un sitio onde buscar;o comedor.
E se non esta aí estaremos perdidos.
Narrador:Eh sabedes onde estaba?
Nenos:Noooooooooooooooooooooon.
Narrador:pois estaba na pota de caldo que iamos comer hoxe.

Por:Miguel,Luís,Óscar,Campillos e Víctor de 5º B.



## A RA E O PRÍNCIPE

A tódalas nais dos ríos:

Érase unha vez unha ra que en vez de criar cágados, trouxo un príncipe. A ra estaba moi triste, porque ela quería ter uns fermosos cágados.

O príncipe vendo a ra tan triste díxolle que se podía facer famosa porque era a única ra no mundo que criara un príncipe. Entón a ra pensando que o príncipe tiña razón parou de chorar.

Pasado un tempo os dous fixeron unha viaxe ata o principio do río e polo camiño, a xente que atopaban preguntábanlle o príncipe quen o criara e o príncipe respondíalles a todos que o criara a ra mais boa e fermosa do río.

Pasado algún tempo a ra fíxose moi famosa xa que era a primeira ra que criara un príncipe. Daniel Pallín López 4° B

## A PROTEXIDA

É noite, unha escura noite, a estas horas case todos dormen. Digo case todos porque sempre te podes atopar a alguén que non e que teña que atravesar por esta vella fraga.

Perdón por non terme presentado antes, a min chámanme Alupa e paso todos os días a vixiar este fermoso lugar. Moi poucos son os humanos que por aquí pasan, unha grande maioría non sabe chegar. De sabelo, seguramente xa o terían esnaquizado, como acostuman a facer con todo.

Por se aínda non se decatou ninguén, son un ave nocturna, de ollos brillantes e plumaxe suave. Si, xa sei que agora todo o mundo sabe que son unha curuxa, mais eu non son portadora de malas noticias, pero quero deixar claro que si que danaría a todo aquel que viñera con intención de destruír este sitio.

Xa expliquei que se trataba dunha fraga vella poboada de acivros e castiñeiros, árbores moi fermosas e sabias, nas que me sinto segura, protexida e intelixente. Estas árbores son o meu fogar. Como veciños ademais doutros paxaros teño esquíos, raposos, cervos, xabarís e lobos.

Nas noites de lúa chea, ou mellor dito o primeiro día que a lúa enche, reunímonos todos os que poboamos esta fraga para contarnos as novidades que cada un de nós foi coñecendo, ou para avisarnos dos perigos que se nos van achegando e así tratar de evitalos. Por isto o que agora vos quero contar:

Estes últimos días atravesaban por aquí uns humanos que a todos nos chamaron a atención. Un sempre era o mesmo, pero os seus acompañantes sempre eran diferentes, nunca viña co el o mesmo.Falaban moito entre eles pero ningún dos animais os entendía pois non coñecían a súa fala. velliño castiñeiro ( o máis vello de toda a fraga e polo tanto o que mellor sabe e coñece os secretos deste mundo)

para poder escoitar o que os humanos dicían. Terrible noticia, polo medio da fraga ían construír unha autoestrada.Destruiríano todo para beneficiarse eles, coma sempre os humanos só miran os seus interesen sen ter en conta nin a paisaxe, nin os animais que alí viven.

Reunímonos e decidimos acudir á malvada Arday, unha bruxa moi malévola que se sabía que nos ía axudar nunca o faría, pero só ela nos podía salvar ,non había ser tan maligno capaz de idear un conxuro ou o que fora.

Exna foi elixida a nosa mensaxeira.Ela era a única capaz de engatusar á bruxa e que nos axudara. Ademais de lista e boa era moi xeniuda e dunha maneira ou doutra había de conseguir que Arday dera algunha solución.

Coas mesturas que só unha bruxa así é capaz de elaborar e coa imaxinación de Exna crearon unha beberaxe que esparexemos todos polo arredor da fraga, á que lle puxemos o nome de “A Protexida”, de tal maneira que quen se atrevera a cruzar a franxa imaxinaria e invisible sufriría unha terrible desgraza e sabería cal foi a causa.

Rapidamente, como fan sempre, os humanos correron esta noticia e trataron de buscar axudas para solucionar o problema sen renunciar á construción da autoestrada, pero nada conseguiron. Era imposible, non tiveron máis remedio que deixar a vella fraga como estaba e facer as destrucións da natureza por outro sitios.

Nós, unha vez? máis conseguimos o que nos propuxemos,aínda que non de todo porque Arday ó darse conta?de que nos?axudara e non recibira nada a cambio, ó saberse enganada por Exna, anda buscando vingarse .Lograrao?

Sabela Jorge Vidal 6º A



O NENO PLAYMOBIL

Unha mañá Héctor un neno da Coruña ergueuse e foi ao colexio.
No colexio atopouse cun neno que lle facía a vida imposible, e mandoulle beber unha poción.
Héctor bebeu a poción e ao chegar a casa comezou a atoparse raro ata que se converteu nun "Playmóbil".
Cando chegou a sua nai pensando que era un boneco meteuno na sua caixa. Héctor moi apenado intentou desfacerse de se corpo; e grazas a tanto esforzo conseguiuno.
Chegou a cociña e colleu un vaso de leite. A sua nai cando o viu rifoulle por chegar tan tarde do colexio.
Ao día seguinte Héctor foi xunto aquel neno e explicoulle que esa poción o convertera en "Playmóbil". O neno non cría a Héctor, polo que nunca se soubo o que acontecera.
Así foi como Héctor cada vez que quería xogar cos "Playmóbil" bebía un chisco de poción.

FIN

Laura, Sabela e Lola 6ºA



Cristina Losada 4ºB

## FROITOS E PAISAXES

Xa volve o Outono
Retornan ao meu recordo
As árbores prateadas e douradas
Dos montes do meu pobo.

Nos cumios cando fai vento
Miles de cores debúxanse no ceo

Un vento forte
Ás nubes leva dun ceo
A outro ceo,e xuntas,
Moi xuntas, deixan todo cuberto.

Cae a choiva, moi forte,
Moi forte sopra o vento
Mais logo o sol, sol de Outono,
Enche de cor o firmamento .

No campo é a recolleita
Das vendimas, dos froitos secos
Noces castañas abelás
Degústanse neste tempo .

Nun recuncho do meu colexio
Xogan moito os nenos
E aprenden e argallan
Con estes elementos:

Coas follas das árbores
Co chan recuberto ,
Cos froitos estrados
Xogando ao collelos

Viven a ledicia do Outono
Así eu o lembro
E vivo esperto un sono
Facendo dourado sendeiro .

Por: Andrea Pallín López

## Aida (3º B) fai pareados

Quen quere a Beltrán
quere ao seu can.

Con San Cibrán
Acaba o verán.

San Froilán
mete a rella e tira o pan.

Convidoume San Romeu
e o viño pagueino eu.

San Martiño pon as vellas
ao camiño
San Facundo saca as vellas
deste mundo.

Por Santa Lucía
o allo quere ver o día.

San Xeromiño, San Xeromiño
Que o trebón non me colla
polo camiño.

### RIMAS DO ARCO DA VELLA

**O arco da vella**
**É moi bonitiño**
**É de cores**
**É fermosiño**
3ºB

Arco da vella
vaite de aí
que se marcha o Sol
chove por ti.
3ºB

O arco da vella
con sete cores,
rómpelle a cella
a María Dolores.
3ºB

## Ladaíña do alumnado

Rezala no verán para que os titores do vindeiro curso teñan todas estas calidades.

Santa María
que non reña ningún día.
Santa Rosana
que teña unha iguana.
San Vicente
que fale coa xente.
San Román
que non a morda ningún can.
Santa Otilia
que non se quede durmida.
Santa Beatriz
que connosco sexa feliz.
San Gumersindo
que non veña tusindo.
Santa Tareixa
que lle gusten as ameixas.
Santa Pilar
que lle guste moito bailar.
San Martiño
que non beba viño.
Santa Mecía
que estea contenta todos os días.
Santo Antón
que nos leve de excursión.
Santo Pascual
que a ningúen mire mal.
Santo Andrés
que non nos mire do revés.
Santa Esther
que nos saiba comprender.
San Bartolo
que teña un mozo novo.
Santa Martiña
que nos conte unha adiviña.

## POEMAS

Adrián Díaz Pérez 4ª A

A lúa é velliña
de brancos cabelos
de engurras de ouro
e de olliños cegos.

Érguese do leito
das foulas do mar
palpando os espazos
para camiñar.

Anda polo mundo
sin ver a onde vai
pois as estreliñas
lévana da man.

Envolta en néboas hase de abrigar,
pois como vai vella
tense que coidar.

Cando na outra noite
brúa o temporal
a lúa entre as tebras
tápase a tremer.

E así que o mal tempo
amainado vai,
asoma a faciana
e espalla o luar.

Luis Amado Carballo (1901—1927)

# Entrevista a María

**1º Por qué decidiches ser profesora?**
Porque me gusta estar cos nenos/nenas e ensinar.
**2º E directora?**
Porque era un reto persoal.
**3º Resúltache difícil ser a directora?**
Hai momentos en que si e outros en que menos.
**4º Qué che gustou máis, ser antes a secretaria ou agora a directora?**
Tanto na secretaría como na dirección hai moito traballo, pero este último é menos rutinario e permite ter outro tipo de iniciativas; pola contra, supón moita máis responsabilidade. De momento, e se teño que elixir case prefiro ser a directora, pero habería que preguntar aos demais (alumnado, claustro e pais e nais) que lles gusta máis a eles (risas¡¡¡).
**5º Qué parte do teu traballo che gusta máis?**
Cando organizas ou proxectas algo con ilusión…e implicámonos todos para que saia ben, cando resolves algún problema; en definitiva, todo o que é positivo.
**6º Cantos anos levas no colexio?**
Pois 6 anos.
**7º Cales son os teus "hobbys"?**
Gústame ler, facer sudokus, bailar, correr…; pero, sobre todo aprender para mellorar.(A miúdo penso que canto máis aprendo... máis consciente son do moito que ignoro).
**8º Dende que hora a que hora estás no colexio?**
Depende do día e do traballo que teña, pero procuro chegar con tempo suficiente para atender calquera problema que poida xurdir e marchar cando todo está tranquilo.
**9º Cambiarías o teu traballo por outro?**
Para nada, téñoo clarísimo; síntome privilexiada por traballar no que me gusta e continuar disfrutando, case todos os días, co que fago(non sempre, eh¡¡, que ás veces o alumnado nolo poñedes moi difícil- sorrí de novo).
**10º Tes tempo libre dentro do horario laboral ademais de algúns recreos?**
Tempo libre non, fáltanme horas... sempre¡¡¡
**11º Sobre cantos alumnos hai no colexio?**
Sobre 260 alumnos
**12º Podíasnos dicir algo (brevemente) do que fas diariamente como directora?**
Claro¡. Atender ou facer chamadas telefónicas, escritos, falar cos compañeiros/as sobre cuestións do centro e intentar resolver calquera incidencia que apareza.
**13º Qué che gusta máis; ser directora e profesora ou soamente profesora?**
Ser profesora gústame máis, sinxelamente porque é máis divertido.
**14º Ademais de directora tamén es profesora de E.Física, entón ás veces necesitarás axuda de outros profesores?**
Aínda que é difícil, procuro que a dirección non interfira co meu traballo na aula; pero, si, algunha vez necesito que me substitúan outros mestres.
**15º Comparada con outros profesores ti tes moito máis traballo, iso impórtache?**
Non, porque iso xa o sabía; e a verdade, cantos máis traballos tes, máis cousas fas.
**16º Que cambios fixeches no pouco que levamos de ano?**
Eu soa ningún, todas as posibles melloras son froito do traballo e colaboración de toda a comunidade educativa do centro: apertura da biblioteca nos recreos, espazo de xogos de mesa (controlado por alumnas de sexto), a recuperación do espazo Voz Natura no que participa todo o centro, ...
**17º Se puideras cambiar algo do colexio que cambiarías? (dinos 3 cousas)**
Eliminaría por completo os conflitos de todo tipo.
Os insuficientes; encantaríame que todos os alumnos/as levarán sobresaínte porque iso, entre outras cousas, é sinónimo de ter interese e ganas de aprender.
Deixar o colexio cunha boa imaxe, facendo desaparecer todo o que está feo ou deteriorado¡¡¡
**18º Qué novas campañas temos no colexio?**
Neste curso, continuamos no Plan PROA, ampliamos as Seccións Bilingües, Éxito escolar, anticipación da lingua estranxeira en E. Infantil e o proxecto Voz Natura.
**19º En que colexios estiveches?**
Empecei en Barcelona e traballei en varios centros como substituta e interina. Aquí en Galicia,estiven 13 anos na Pobra do Caramiñal; despois, 4 anos na Gándara e 6 neste colexio.
**20º Sempre terás que estar resolvendo conflitos non?**
Algún hai, pero ... afortunadamente, somos un colexio bastante tranquilo.

Marta, María e Laura- 6º B

## Interview- Entrevista

- What´s your name ? - Como te chamas ?
- I´m Sophie -Sofía
- How old are you? - Cantos anos tes ?
- I´m 11 years old -11 anos
-How many brothers or sisters have you got ? - Cantos irmáns tes?
- I have one brother teño un irmán
-Do you like Monforte? - Gústache Monforte?
-Yes, I like it a lot. - Si,gústame moito
-Was it dificult to live in Spain? - encontraches dificultades ao vivir en España?
- Yes,a little bit from English to Spanish... -Si un pouco, do inglés ao español.
-where do you come from ? - De onde es?
- England -Son de Inglaterra
-have you got any friends ? - Tes algúns amigos ou amigas?
- I´ve got a lot of friends-Si, teño moitos amigos

PAULA MACEDA 5ºB






# REFRANS

A chuvia de abril
enche o carro e mailo barril.





O que non ten mañas
non come castañas.

Do pan dos pobres
moitos ricos comen.





Dálle o rabo o can,
non por ti, senon
polo pan.

María, Jorge, Carla, Brais, Sandra e CRISTINA 1º

# REFRANS DE MESES 5ºB

Auga de xaneiro,
cada gota val diñeiro.



Marzo, marzolas
treboadas e raiolas.



Polo San Brais
unha hora máis.







Abril mollado,
de pan vén cargado.

En maio,
xa leva as cereixas o gaio

Por moito que queira ser,
eu xullo pouco a de chover.



Polo San Xoan,
a sardiña molla o pan



Outono chegar,
porco cebar.





As castañas queren en agosto arder
e en setembro verter.

No setembro colle o viño
e non durmas no camiño



Por Santos,
neve nos campos.





En Nadal,
á carón da lareira vaite sentar.

Ana Díaz

5ºA

# Arts and Crafts

A Placemat

What do we want to make?

Look at the illustration and describe what you see. You are going to make something similar.




## What do we need?

Look carefully at the materials you will need to make the place-mat.

You will need:

- A pencil.
- A ruler.
- Scissors.
- Blue tack.
- Card.

## How are we going to make it?

Look carefully at the illustrations and read the instructions aloud:

Cut 10 strips of paper 2cm wide by 12 cm long:strips 1-10.

Cut 5 strips of paper 2cm wide by 20 cm long: strips 11-15.

Attach the strips to the boxes below. Then weave from left to right.

Glue the strips like this.

Take the top of the strip on the right and weave it.

